

RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE FAI PÚBLICA A RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DE PRAZAS DE RESIDENCIA NO INSTITUTO POLITÉCNICO MARÍTIMO PESQUEIRO DO ATLÁNTICO DE VIGO (PRAZO EXTRAORDINARIO) CONFORME Á ORDE DO 7 DE XUÑO DE 2022 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA O ACCESO ÁS PRAZAS DE RESIDENCIA E DE COMEDOR NOS CENTROS RESIDENCIAIS DESTA CONSELLERÍA, E SE CONVOCA A OFERTA DE PRAZAS PARA O CURSO ACADÉMICO 2022/2023.

O día 7 de xullo de 2022 publicouse a Orde do 7 de xuño de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para o acceso as prazas de residencia e de comedor nos centros residenciais desta consellería, e se convoca a oferta de prazas para o curso académico 2022/23.

Conforme aos artigos 11, 13 e 14 desta orde, o día 18 de outubro de 2022 reuniuse a Comisión de Valoración para elaborar a proposta de adxudicación definitiva de prazas de residencia no prazo extraordinario. Logo de transcorrido o prazo de 10 días hábiles outorgado de acordo co artigo 12.2 da mencionada orde, e non habendo reclamacións ó respecto, procede dar traslado da proposta de adxudicación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, non habendo, nesta caso, relación de excluídos.

Tendo en conta a proposta da Comisión de Valoración, a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro,

#### **RESOLVE:**

En cumprimento do punto 2 do artigo 13 da Orde do 7 de xuño de 2022 , facer pública a relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa e media pensión/xantar diario non regular para a residencia do Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo no prazo extraordinario. Esta relación figura como anexo desta resolución, e deberá publicarse na páxina web da Consellería do Mar e no taboleiro de anuncios da Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ferrol.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso de alzada perante a conselleira do Mar, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

(asinado dixitalmente)



## ANEXO

Relación definitiva de persoas adxudicatarias de prazas de residencia en pensión completa e media pensión/xantar diario non regular no prazo extraordinario:

### LISTAXE DEFINITIVO

*Período Extraordinario. Pensión Completa. Curso 2022/2023*

Nº	NOME	DNI
1	DOCAMPO CABANELAS, UXÍA VALENTINA	***1439**
2	MORANDEIRA DÍEZ, ÁNGEL MANUEL	***8169**
3	REIRIZ GÓMEZ , KEVIN	***5148**
4	VARGAS VIZOSO, AURORA	***3594**

*Período extraordinario. Xantar diario non regular. Curso 2022/2023*

Nº	NOME	DNI
1	LOUREIRO BERTOLO, JÉSSICA	***0085**

